

BANDO

AVISO FITOSANITARIO

Dna. Ánxela Fernández Callís, alcaldesa do concello de O Rosal,

FAI SABER:

Pola presente, infórmase a todos os viticultores de zonas demarcadas por **Flavescencia dourada da vide** apliquen os tratamentos insecticidas autorizados nas 4 parroquias do concello do Rosal.

Dende o mes de maio, a Xunta de Galicia fai un seguimento da evolución do *Scaphoideus titanus*, insecto vector da **Flavescencia dourada da vide**. As ninfas atópanse no seu estado máis avanzado, polo que estamos no momento máis axeitado para aplicar os tratamentos insecticidas, **OBRIGATORIOS** na zona demarcada e **RECOMENDADOS** nas zonas vitícolas lindeiras.

Tratamento	Período
1º	17.06.2024 – 24.06.2024*
2º	15 días despois do 1º tratamento*
3º	1 mes despois do 2º tratamento*

*Os tratamentos realizaranse en función da climatoloxía existente e respectando as indicacións de uso.

Recomendacións dos tratamentos:

- Aplicación dos insecticidas na 1ª hora do día, excepto no caso de empregar piretrinas, que se realizará na última hora do día debido a perda de eficacia ó ser un produto fotosensible.
- Aplicar uniformemente, mollando ben a parte posterior das folla e a parte baixa das cepas, lugar onde se aloxan as ninfas. Lémbrese a obriga de anotar os tratamentos aplicados nos cadernos de explotación, que poderán ser requiridos para a súa comprobación.

O que comunico para xeral coñecemento.

O Rosal, a 24 de Xuño de 2024

A Alcaldesa

Ánxela Fernández Callís

